



Concello de Maside

Expediente núm.: 574/2023

Actividade: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Asunto: Convocatoria e selección de persoal ao abeiro da Oferta de emprego público (OEP) do ano 2022.- Proceso de estabilización do emprego público (Lei 20/2021)

Sistema de selección: Concurso

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Tema: Listaxe provisional de admitidos e excluídos ao Proceso de estabilización do emprego público (Lei 20/2021) (CONCURSO).- Praza: Educador Social

Antecedentes

1. Con data 24.05.2022 publícase na sede electrónica deste Concello, no seu taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da provincia de Ourense (BOP) núm. 117 a Oferta extraordinaria de Emprego Público para o ano 2022: Proceso de estabilización de emprego temporal.
2. Con data 30.05.2022 publícase no Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 102 a Oferta extraordinaria de Emprego Público para o ano 2022: Proceso de estabilización de emprego temporal.
3. Con data 31.12.2022 publícase no Boletín Oficial da provincia de Ourense (BOP) núm. 299 a aprobación das bases xerais e específicas para a provisión dos postos mediante o proceso extraordinario de estabilización e consolidación de emprego de carácter temporal 2022 ao abeiro do establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.
4. Con data 03.06.2023 publícase no Boletín Oficial da provincia de Ourense (BOP) núm.126 a Resolución de Alcaldía de modificación das bases xerais e específicas para a provisión dos postos mediante o proceso extraordinario de estabilización e consolidación de emprego de carácter temporal 2022.
5. Con data 11.09.2023 publícase no Boletín Oficial do Estado (BOE) núm. 217 a Resolución de Alcaldía do 23.08.2023 referente a convocatoria para a prover varias prazas ao abeiro do proceso extraordinario de estabilización e consolidación de emprego público 2022 (lei 20/2021).
6. Con data 13.09.2023 publícase no Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 174 a convocatoria de procesos selectivos dentro do procedemento extraordinario de estabilización do emprego público de 2022 (lei 20/2021).
7. Con data 09.10.2023 expirou o prazo de presentación de solicitudes de admisión para a praza vacante obxecto da convocatoria, cuxas características son:

DENOMINACIÓN DO POSTO	RÉXIME XURÍDICO	Xornada	NÚMERO VACANTES	SISTEMA ACCESO ESTABILIZACIÓN (Lei 20/2021)
Educador Social	L	Completa	1	DA 6ª





Concello de Maside

Examinada a documentación que acompaña e de conformidade co establecido no artigo 20 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, e o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local,

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar a seguinte relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos:

- Aspirantes admitidos:

	Apelidos e nome	DNI
1	RODRIGUEZ REQUEJO YOLANDA	****3237M
2	XUSTO ALVAREZ IVAN	****2932Q

- Aspirantes excluídos:

	Apelidos e nome	DNI	Causa de exclusión
1	BELLO FERNANDEZ MARIA	****6286Y	f)
2	BOUZA LEIRACHA XAQUIN	****0759A	e)
3	SORIANO GARRIDO MARIA JOSE	****9835F	a) c) e) f)

Causas de exclusión (Art. 3º das bases xerais BOP núm. 299 do 31.12.2022 e a súa modificación no BOP núm. 126 do 03.06.2023):

- Non achega o modelo específico de solicitude de admisión a probas selectivas (Anexo I) esixido nas bases da convocatoria ou o devandito modelo non está correctamente cuberto. Debe achegar Anexo I debidamente cuberto e asinado.
- Non achega o documento nacional de identidade, pasaporte ou documento válido en dereito que acredite a identidade da persoa aspirante.
- Non achega o título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega correspondente a cada praza á que se aspire.
- Non achega a titulación esixida para cada praza nas bases específicas e, de ser o caso, acreditación dos demais requisitos esixidos por aquelas.





Concello de Maside

- e) Non achega a relación de méritos alegados para a súa valoración coa súa xustificación documental.
- f) Non achega a carta de pagamento de ter aboado a taxa por dereitos de exame, de xeito presencial ou electrónico. A ausencia de xustificación do abono da taxa por dereitos de exame, dentro do prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso selectivo, non poderá ser obxecto de emenda, determinando a exclusión da persoa aspirante.
Non achega a documentación acreditativa de estar nalgunha das causas de exención do aboamento da taxa, debe acreditar o pago da taxa ou a exención no pago desta.
- g) Presentación da solicitude de admisión a probas selectivas esixido nas bases da convocatoria fora de prazo.

Segundo.- As persoas excluídas, así como as omitidas na relación de persoas admitidas e excluídas, disporán dun prazo improrrogable de dez (10) días hábiles, que comezará a contar dende o día seguinte ao da publicación da resolución no taboleiro electrónico de anuncios do concello, para emendar os defectos que motivasen a súa exclusión ou a súa omisión da lista de persoas admitidas.

As persoas aspirantes que dentro do prazo sinalado no número anterior non emendasen as causas de exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídas na lista de persoas admitidas, serán definitivamente excluídas do proceso selectivo. De non se presentaren reclamacións dentro do prazo sinalado no número anterior, a lista provisional de admitidos e excluídos elevarase a definitiva.

Finalizado o prazo de reclamacións e emendas e resoltas estas, a Alcaldía elevará a definitivas as listas de admitidos e excluídos mediante resolución que se publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

Contra a resolución pola que se aprobe a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante a Alcaldía, ou directamente recurso contencioso administrativo ante os xulgados do contencioso – administrativo de Ourense.

Terceiro.- Esta emenda poderase realizar preferiblemente de forma electrónica, a través da sede electrónica do Concello de Maside na dirección <https://maside.sedelectronica.gal/>, indicando no campo de descrición o número de asento do rexistro da solicitude de participación neste proceso selectivo.

As solicitudes de emenda en soporte papel efectuaranse mediante a presentación da documentación na oficina de asistencia en materia de rexistros do Concello de Maside ou nas demais formas establecidas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, indicando o número de asento do rexistro da solicitude de participación neste proceso selectivo.

Cuarto.- As persoas aspirantes que non posúan o título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega que se esixe nas bases específicas deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega que consistirá en traducir do castelán ao galego, nun tempo máximo de trinta (30) minutos e sen axuda de dicionario, un texto facilitado polo órgano de selección acorde ás características funcionais da praza convocada. A proba realizarase unha vez finalizado o concurso de méritos a aquelas persoas aspirantes propostas para a obtención de praza e cualificarase como apta ou non apta. No caso de que esta proba de coñecemento non puntuable sexa cualificada como non apta, a persoa candidata será excluída do proceso selectivo e a seguinte coa puntuación máis alta





Concello de Maside

será proposta para a obtención da praza.

Quinto.- Dar traslado da presente Resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Sexto.- Publicar a relación provisional de admitidos e excluídos, no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal deste Concello <http://maside.sedelectronica.gal>.

Así o acorda o Sr. Alcalde, D. José Manuel Iglesias Araújo, en Maside; do que como Secretario – Interventor dou fe ós exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Alcalde,
José Manuel Iglesias Araújo

O Secretario – Interventor,
José Antonio Cerdeira Pérez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

